

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**10577** *Real decreto 1014/2009, do 19 de xuño, polo que se regula a concesión de excedencia temporal para persoal investigador funcionario e estatutario que realice actividades de investigación biomédica, para o desenvolvemento de actividades en empresas de base tecnolóxica.*

A Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica, dedica o seu título VIII á promoción e coordinación da investigación biomédica no Sistema Nacional de Saúde, e establece, entre outras, medidas de mobilidade do persoal investigador dentro da Administración xeral do Estado e cara a entidades privadas de investigación mediante unha excedencia temporal.

O artigo 86.2 da citada lei regula esta excedencia temporal para autorizar que persoal investigador funcionario e estatutario pase a prestar servizos en empresas de base tecnolóxica creadas a partir de patentes ou de resultados xerados por proxectos de investigación financiados total ou parcialmente con fondos públicos e realizados en centros de investigación, sempre que este persoal investigador fundamente a súa participación nos mencionados proxectos.

Neste sentido, o obxecto deste real decreto é a regulación do procedemento de concesión destas excedencias temporais, así como das súas condicións e requisitos.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Ciencia e Innovación, por proposta da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de xuño de 2009,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto a regulación do procedemento e as condicións de concesión de excedencias temporais aos funcionarios dos corpos e escalas de investigación e persoal estatutario en servizo activo que realicen actividades substantivas de investigación biomédica científica ou técnica en centros públicos de investigación no ámbito da Administración xeral do Estado que, de acordo co artigo 86.2 da Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica, pasen a prestar servizos de investigación biomédica en empresas de base tecnolóxica creadas a partir de patentes ou resultados xerados por proxectos de investigación financiados total ou parcialmente con fondos públicos.

2. Para os efectos deste real decreto enténdese por:

a) Funcionarios dos corpos e escalas de investigación: os funcionarios de carreira segundo se definen no artigo 9 da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, pertencentes aos corpos e escalas que se relacionan no anexo.

b) Persoal estatutario: o persoal estatutario segundo se define no artigo 8 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

c) Centro público de investigación: o que, no ámbito da Administración xeral do Estado, reúna as condicións que para tales centros establece o Plan Nacional de I+d+i.

d) Empresa de base tecnolóxica: aquela empresa cuxa actividade require a xeración ou un uso intensivo de tecnoloxías, para a xeración de novos produtos, procesos ou servizos, derivados de investigación, o desenvolvemento e a innovación e para a canalización destas iniciativas e a transferencia dos seus resultados.

*Artigo 2. Condicións e requisitos para a concesión de excedencia temporal.*

1. A concesión da excedencia temporal subordinarase ás necesidades do servizo e ao interese que os centros públicos de investigación teñan na realización dos traballos científicos e técnicos que se vaian desenvolver na empresa de base tecnolóxica.

2. A excedencia temporal para prestar servizos en empresas de base tecnolóxica concederase para o desenvolvemento de tarefas que estean directamente relacionadas coa actividade científica ou técnica que o persoal funcionario ou estatutario viñese realizando no centro público de investigación de procedencia. Esta prestación poderase realizar soamente en réxime de contratación laboral. O solicitante deberá acreditar a súa participación no proxecto científico do cal xorde a empresa.

3. A duración da excedencia non poderá ser superior a cinco anos, sen que sexa posible, esgotado este prazo, solicitar novas excedencias temporais para a prestación de servizos na mesma empresa de base tecnolóxica.

4. As empresas de base tecnolóxica onde se poderán prestar servizos deben ter por obxecto algunha das actividades recollidas no artigo 19.1 da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

5. A participación dos centros públicos de investigación no capital da empresa de base tecnolóxica onde se vaian prestar servizos, sexa en especie ou mediante achega en diñeiro, non poderá ser inferior ao 10 por cento, no momento de concederse a correspondente excedencia.

*Artigo 3. Iniciación do procedemento.*

O procedemento de concesión da excedencia temporal iniciarase por solicitude do investigador interesado, mediante escrito en que se acredite o cumprimento das condicións a que se refire o artigo anterior, dirixido á dirección xeral, ou á presidencia, do centro público de investigación en que estea destinado. As solicitudes poderanse presentar nos lugares que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O solicitante acreditará a súa participación no proxecto científico do cal xorde a empresa mediante declaración da entidade que realizase o proxecto científico.

*Artigo 4. Tramitación do procedemento.*

1. Admitida a trámite a solicitude, a dirección xeral ou a presidencia, se é o caso, do centro público de investigación, solicitará o informe previo da unidade, centro, instituto ou departamento no cal estea destinado o investigador e logo do trámite de audiencia ao solicitante durante o prazo de 15 días para que formule alegacións, ditará resolución na cal se valorará a concorrencia de condicións e requisitos establecidos no artigo segundo deste real decreto.

2. No suposto de que a excedencia se solicitar para a prestación de servizos nunha empresa de base tecnolóxica participada por un centro público de investigación distinto a aquel en que estea destinado o interesado, a dirección xeral, ou a presidencia, se é o caso, do organismo a que pertenza o investigador interesado, antes de emitir resolución, solicitará informe do organismo ou organismos que participan nesa empresa de base tecnolóxica.

*Artigo 5. Resolución do procedemento.*

1. A dirección xeral ou a presidencia, se é o caso, do centro público de investigación será o órgano competente para resolver as peticións de excedencia temporal. O prazo máximo para resolver e notificar será de tres meses, contados desde a data en que a solicitude tiver entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, podendo entenderse estimada a solicitude, unha vez transcorrido este prazo sen que recaese resolución expresa. A resolución porá fin á vía administrativa e conterà os recursos que contra ela procedan, o órgano administrativo ou xudicial ante o cal se deben presentar e o prazo para interpoles.

2. A resolución pola que se autorice a excedencia temporal establecerá a súa duración que será como máximo de cinco anos.

No suposto de que a resolución de autorización sexa inferior a este prazo, poderá establecer a posibilidade de prórroga por un límite máximo de cinco anos, computando para tales efectos o tempo xa desfrutado da dita excedencia. O procedemento para solicitar a prórroga será o mesmo que para solicitar por primeira vez a excedencia temporal.

3. As excedencias concederanse sen ningunha retribución por parte do centro público de investigación, polo tempo que dure a relación contractual coa empresa de base tecnolóxica, cun prazo máximo de cinco anos e con dereito a reserva do posto de traballo. O tempo que dure a excedencia computarase para efectos de antigüidade.

#### Artigo 6. *Cobertura temporal do posto de traballo.*

O posto de traballo do investigador ao cal se outorga a excedencia temporal poderá ser cuberto temporalmente, nas condicións previstas na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público, e na súa normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 7. *Reingreso.*

1. Se con anterioridade ao último mes previo á finalización do período polo que se concedese a excedencia o funcionario ou persoal estatutario non solicita o reingreso ao servizo activo, será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria por interese particular.

2. No caso de que o contrato de traballo se resolverse anticipadamente, o funcionario deberá solicitar o reingreso no prazo máximo dun mes desde a súa finalización. A reincorporación terá efectos económicos e administrativos desde a data da súa solicitude. En caso de non solicitar o reingreso no prazo sinalado será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria por interese particular.

3. Concluída a excedencia e reincorporado ao seu posto de traballo, o funcionario non poderá solicitar unha nova excedencia de carácter temporal, das reguladas neste real decreto, durante un prazo de dous anos.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.15 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

#### Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento*

O titular do Ministerio de Ciencia e Innovación poderá ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros departamentos ministeriais.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado na Embaixada de España en Singapur o 19 de xuño de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## ANEXO

### Corpos e escalas de investigación

#### Grupo A1:

Escala de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación.

Escala de técnicos superiores especialistas dos organismos públicos de investigación.

Escala de profesores de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas.

Escala de investigadores científicos do Consello Superior de Investigacións Científicas.

Escala de científicos titulares do Consello Superior de Investigacións Científicas.

Escala de titulados superiores especializados do Consello Superior de Investigacións Científicas.

#### Grupo A2:

Escala de técnicos especialistas de grao medio dos organismos públicos de investigación.

#### Grupo C1:

Escala de axudantes de investigación dos organismos públicos de investigación.

Escala de axudantes de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas.

#### Grupo C2:

Escala de auxiliares de investigación dos organismos públicos de investigación

Escala de auxiliares de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas.